



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Teoría e Historia da conservación-restauración

Departamento: Principios de conservación dos bens culturais

Formación básica	Curso: 1º	Anual	6 ECTS
------------------	-----------	-------	--------

Teórica

Profesores: Antón Pereira Abonjo (1º Cuatrim.) / Alberto Conde Álvarez (2º Cuatrim.)
anton.pereira@edu.xunta.gal / albertoconde@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Evolución do concepto e valor de Ben Cultural. Evolución histórica da teoría da conservación-restauración, desenvolvemento da profesión, das regras profesionais e código deontolóxico. Normativa sobre os Bens Culturais e a súa organización institucional e administrativa: internacional, estatal, autonómica e municipal. O papel da sociedade civil e as organizacións profesionais e non gobernamentais.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional. E interpersonal.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e súa conservación e restauración.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer as orixes da disciplina.

Coñecer os diversos fitos de desenvolvemento da disciplina.

Comprender a evolución dos criterios ao longo da historia.



Coñecer os organismos, institucións e persoas relevantes no desenvolvemento actual da disciplina.
Acadar a capacidade para analizar criticamente intervencións antigas de C-R.
Acadar a capacidade para aplicar criterios de actuais C-R.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade		% no total da materia
Parte 1: S.XX-XXI Criterios de intervención	1. A Restauración na actualidade. Conceptos. -Ben Cultural e Patrimonio. -A actividade do restaurador. -Autenticidade, copias e reproducións.	10%
	2. O século XX. -A Restauración crítica e Césare Brandi	10 %
	3. Normas, cartas e documentos. -Conferencia internacional de Atenas 1931 -Carta de Venecia 1964. -Carta do restauro 1972. -Carta do restauro 1987. -Carta de Cracovia 2000.	10 %
	4. Institucións e lexislación. -Consello de Europa, UNESCO, ICOM, ICROM, ICOMOS, IIC, IPCE. ECCO -Patrimonio da humanidade. -Clasificación dos BB.CC.. -Lexislación española.	10 %
	5. Criterios actuais -Criterios xerais. -A problemática da Arte contemporánea -Ética	10 %
	Total	50%
Parte 2: Historia da Conservación e Restauración	1. Introducción. . Conservación e restauración dende as civilizacións clásicas ata a Idade Media.	10%
	2. Conservación e restauración durante o Renacemento.	10%
	3. S.XVII. Restauración de galería: a idea de Pátina, o tempo pintor.	10%



	4. S.XVIII. Restauración mecánica e artística. Novas técnicas de intervención.	10%
	5. s.XIX. Restauración estilística e restauración científica.	10%
	Total	50%
Total		100%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	62		62
Estudo autónomo		35	35
Estudo de casos	4	20	24
Traballo tutelado	6	23	29
Total	72	78	150

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Estudo de contidos	Traballo independente do alumno encamiñado á asimilación de contidos e estudo da materia
Estudos de casos	Lectura, resumo e comentario crítico de textos relativos ás unidades didácticas.
Traballos tutelados	O estudante de maneira individual ou en grupo, fará un estudo sobre un caso real proposto polo profesor.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Avaliación global do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias e coñecementos	50%
Exercicios prácticos	Puntualidade na entrega. Calidade Rigor técnico-científica Grao de aplicación de conceptos teóricos Claridade, eficacia na expresión	40%
Observación	Asistencia a clase, participación na exposición de debates e	10 %



sistemática

traballos propostos, e entrega dos mesmos nos prazos fixados.

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

-A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ás clases repercutirá na cualificación (nun 10%, o alumno poderá ser cualificado cun 0 no apartado “Observación sistemática”).

-Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado ou os exames propostos ao longo do curso.

-Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.

-Os alumnos deberán realizar todos os traballos e exames establecidos ao longo do curso. A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, comprendendo esta os contidos teóricos e todos aqueles relacionados cos traballos ou lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación.

-A nota global da materia farase coa media das notas da primeira e segunda parte, sendo necesario obter unha nota mínima de 4 en calquera das dúas partes. Para aprobar, dita nota media terá que se igual ou superior a 5.

-Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

-Na avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita que poderá conter probas específicas cando se consideren necesarias para unha correcta avaliación.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través das titorías docentes nas horas establecidas para esta finalidade.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- GONZÁLEZ-VARAS, I: **“CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES. Teoría, historia, principios y normas”**, Cátedra (Manuales de Arte), Madrid 99.
- MACARRÓN MIGUEL, A: **“HISTORIA DE LA CONSERVACIÓN Y RESTAURACIÓN”**, Tecnos, Madrid 95.
- MACARRÓN MIGUEL, A; GLEZ. MOZO, A: **“LA CONSERVACIÓN Y RESTAURACIÓN EN EL S. XX”**, Tecnos, Madrid 98.
- MARTÍNEZ JUSTICIA, M.J: **“HISTORIA Y TEORÍA DE LA CONSERVACIÓN Y RESTAURACIÓN ARTÍSTICA”**, Tecnos, Madrid 2001.
- BRANDI, C: **“TEORÍA DE LA RESTAURACIÓN”**, Ed. Alianza Forma, Madrid 89.
- MUÑOZ VIÑAS, S. **“TEORÍA CONTEMPORÁNEA DE LA RESTAURACIÓN”**. Ed. Síntesis 2004